

Programa político do Partido das Panteras Negras

1 Queremos liberdade. Queremos o poder para decidir por nós mesmos o destino da nosa comunidade negra.

Pensamos que a xente negra non poderá ser libre até que poida decidir sobre o seu propio destino.

2 Queremos pleno emprego para a nosa xente.

Cremos que o goberno federal é responsable e está obrigado a darlle a cada home un posto de traballo ou a garantir uns ingresos mínimos. Pensamos que se os empresarios brancos americanos non nos dan traballo a todos, entón se lles deberán usurpar os medios de produción que pasarán a disposición da comunidade, para que a xente da comunidade poida organizarse e dar traballo a toda a súa xente e así poder ter un mellor nivel de vida.

3 Queremos que remate o espolio que os capitalistas fan da nosa comunidade negra.

Pensamos que este goberno racista nos estivo roubando e agora esiximos que se nos abone o pago atrasado de 40 acres e dúas mulas. 40 acres e dúas mulas foi o compromiso acadado fai 100 anos como pago polo traballo realizado como escravos e polos asasinatos en masa perpetrados contra a poboación negra. Aceptaremos o pago en moeda que será distribuído entre todas as nosas comunidades. Os

alemáns axudan aos xudeus en Israel en compensación polo holocausto. Os alemáns mataron a 6 millóns de xudeus. Os americanos racistas participaron na matanza de máis de 50 millóns de persoas negras; pensamos que a nosa demanda é ben modesta.

4 Queremos vivendas dignas onde os seres humanos se podan protexer.

Pensamos que se os propietarios brancos non lles dan casa decentes ás nosas comunidades negras, entón as vivendas e os solares deberán transformarse en cooperativas para que as nosas comunidades, coa axuda do goberno, podan construír casas dignas para a súa xente.

5 Queremos educación para a nosa xente, unha educación que expoña a verdadeira natureza decadente desta sociedade americana. Queremos unha educación que nos ensine a verdade sobre a nosa historia e o noso papel na sociedade actual.

Cremos nun sistema educativo que lle permita a nosa xente ter conciencia de si mesma. Se un home non ten conciencia de si mesmo, do seu lugar na sociedade e no mundo, entón ten moi poucas probabilidades de relacionarse con cousa algunha.

6 Queremos que todos os homes negros estean exentos do servizo militar.

Pensamos que a xente negra non ten porque ser obrigada a loitar nun servizo militar que defende a un goberno racista e non nos defende a nós. Non imos loitar e matar persoas de cor no resto do mundo que, como as persoas negras, son vítimas do goberno branco racista de América. Ímonos protexer da violencia e da represión da policía racista e do exército racista, con todos os medios necesarios.

7 Queremos o fin inmediato da represión policial e dos asasinatos da xente negra.

Podemos rematar coa brutalidade policial cara a nosa comunidade negra organizando grupos negros de defensa persoal que se dediquen a defender a nosa comunidade da opresión e da brutalidade da policía racista. A emenda segunda da Constitución dos EEUU dános o dereito a posuír armas. Polo tanto, cremos que toda as persoas negras deben ter armas para a súa defensa persoal.

8 Queremos a liberdade para todos os homes negros prisioneiros nas cárceres e prisións federais, estatais, do condado e urbanas.

Cremos que toda a xente negra debe ser liberada das cárceres e prisións porque non tiveron un xuízo imparcial e xusto.

9 Queremos que toda a xente negra, cando sexan levadas a xuízo, podan ser xulgadas nunha corte por un xurado constituído por persoas iguais a elas ou por xente da súa propia comunidade, como se precisa na Constitución dos EEUU.

Cremos que as cortes deben secundar a Constitución dos EEUU e pola tanto ofrecer xuízos xustos á xente negra. A emenda 14 da Constitución dos EEUU dá a cada home a oportunidade de ser xulgado por xente iguais a el, é dicir, por persoas cunha procedencia económica, social, relixiosa, xeográfica, histórica e racial parecida. Para isto a corte deberá obrigal a seleccionar un xurado da mesma comunidade negra da que proceda o acusado negro. No pasado, e no presente tamén, estamos a ser xulgados por xurados constituídos só por brancos que non entenden a forma de pensar dun home da comunidade negra.

10 Queremos terra, pan, vivenda, educación, roupa, xustiza e paz.

Cando no transcurso dos acontecementos da historia se fai necesario para uns disolver os lazos políticos que os ligan a outros, e así asumir e facer asumir entre os pobos da terra esta independencia e a igualdade con respecto a eles, algo para o que por outra parte as leis da natureza e a natureza de Deus os autoriza, entón se require, polo respecto cara as opinións da humanidade, que se expliquen as causas que os levan a esta separación.

Nós defendemos estas verdades como evidencias en si mesmas: que todos os homes foron creados iguais; que foron dotados polo Creador duns dereitos inalienables; entre eles a vida, a liberdade e a busca da felicidade. Para asegurar estes dereitos foron instaurados os gobernos entre os homes, derivando os seus xustos poderes do consentimento do pobo; cando calquera tipo de goberno se volva contrario a este dereitos, é dereito do pobo alterar ou abolir ao mesmo e instaurar un novo goberno, baseando a súa fundación nos dereitos mencionados e organizando o seu poder dunha forma que a eles mesmos lle pareza que será o mellor en canto a súa propia seguridade e felicidade. A prudencia, efectivamente, dinos que os gobernos estables non se cambian por causas transitorias ou superficiais, pola contra, a experiencia nos demostra que a humanidade tende a aguantar todos os males, mentres sexa posible, porque é máis doado que enfrontarse e mudar as formas de goberno. Pero cando unha larga historia de abusos e usurpacións buscan invariablemente o mesmo obxectivo, é dicir, reducir ao pobo ao despotismo absoluto, é un dereito, é o seu deber, eliminar rapidamente ese goberno e proporcionar novos garantes para a seguridade futura.

(Tradución tirada da páxina da Fronte Popular Galega)